



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA NO LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A DIRECTORA

Do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este/a INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e terán una duración de 4 anos académicos, estendéndose ata o mes de agosto do ano 2.022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

posibilitar aos estudantes da titulación de Grao en Ciencias da Universidade de A Coruña a realización do Practicum da materia de prácticas externas curriculares correspondentes ao Plan de Estudos de Grao en Ciencias, dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola entidade colaboradora Instituto Galego do Consumo e da Competencia, en diante a entidade. Ditas prácticas externas curriculares terán lugar no Laboratorio de Consumo de Galicia que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten na cidade de A Coruña.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), ponse especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúen a base máis sólida para a formación integral, ao capacitarse correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

